

A danza na Antigüidade:

Exipto



Mesopotamia e Persia

Pobo hebreo

Creta

Exipto:


- Había danzas sagradas, litúrxicas e sociais.
- As danzas podían ser unipersoais ou plurais (non existía danza entre home-muller como parella).





- Os bailaríns (a maioría mulleres) xunto cos músicos acompañaban as procesións.
- Os instrumentos musicais empregados: arpa, frauta longa, chirimía dobre, pandeiros, sistro, trompeta, guitarras de 3 cordas, címbalos,...



- Os sacerdotes e bailaríns realizaban rituais danzados como parte do culto.
- En ritos de iniciación están representados: nenos, homes, mulleres, deuses, reis e sacerdotes que honraban a Hathor (deusa da danza sagrada).



- A danza exipcia deixou influenciar polas culturas grega e romana, convertíndose en máis áxil e acrobática.




- Danzas astrais ou solares (formaba parte dos ritos de iniciación que simbolizan o sol).



- Danzas rituais funerarias (os danzantes acompañaban a procesión fúnebre ata a tumba).



- Danzas de espectáculo (bailarinas destinadas a divertir o faraón).
- Danzas de entretenemento ou diversión (colectivas, populares ou privadas).



Mesopotamia e Persia:

- Durante o V milenio a.C. as mulleres danzaban en círculos para propiciar a choiva erguendo e baixando as mans xuntas.
- A danza é o reflexo da sociedade, usada en rituais máxicos e relixiosos.



- Os bailaríns eran probablemente magos, formaron grupos e bailaban nos templos, moitas veces sen roupa, para simbolizar a pureza.
- Os bailaríns a miúdo levaban máscaras que representaban a animais.



- A música e a dança estavam unidas.
- Mesopotâmia viu-se influenciada por outras culturas como a de Egipto, Síria e Pérsia.



- Nesta época os bailaríns xa tiñan un certo entrenamento e danzas xa se levaban a cabo por profesionais, ademáis se realizaban loitas e acrobacias.



Pobo hebreo:

- A danza pode ter un sentido relixioso.
- Tamén aparecen danzas ligadas a acontecementos políticos e militares.



- Unha das danzas máis coñecidas é a executada por Salomé.
- Os hebreos celebran tamén con danzas sagradas en ceremonias para agradecer a Deus os seus favores.



Creta:

- A localización xeográfica desta illa favorecerá a absorción de influencias das civilizacións de Exipto, Siria, Asia Menor.
- Creta influirá na cultura Grega e na cultura continental.



- A danza foi importante nas celebracións oficiais e nos acontecementos da vida privada.
- Honraban a deusa nai (natureza) a través de danzas.



- Unha gran cantidade de símbolos acompañan as representacións desta deusa: animais, a espada, a dobre machada, as amapolas.
- A deusa tiña asistentes masculinos e femininos e exercía un dominio sobre o ceo, a terra e o mar, tamén sobre a vida e a morte.



- Os Curetes eran os xóvenes iniciados nos ritos relixiosos, amantes da danza e dos deportes.
- Os Coribantes eran bailaríns con armadura, celebraban o culto á deusa Cibeles bailando a ritmo de pandeiretas, cornos, frautas e pratos, marcándoo cos pes.



- É moi importante a figura do laberinto e o touro asociados a rituais e bailes variados nos que os bailaríns (xóvenes varóns) facían o salto acrobático sobre o touro.



- Os bailaríns cretenses saltaban, xiraban, flexionaban os xeonllos, danzaban en círculo ou en procesión, situaban os brazos en oposición, etc.

